

**Lecturas
complementarias
e actividades
para traballar
co texto**

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Todos coñecedes coma min ao Emilio, o castrador de Rugando.

Se non me trabuco, fora pola Santa Lucía cando lle aconteceu o que vos vou contar. Aquele día xantara en Arnada, na casa do Rulo. Xa se sabe como son eses xantares da matanza: empezan ás doce, poño por caso, e rematan ás cinco. O figado asado con aceite e pemento, os roxóns e o raxo... Tempo de fartura. Ao remataren, a néboa enchía cada recuncho. Non se vía un burro a tres pasos, dispensando.

O Rulo díxolle que pasase a noite na súa casa.

—Andan os lobos —advertiulle— moi bastos. Con esta néboa tan mesta pódeste esfragar.

Mais o capador facía pouco que casara e non houbo xeito de facelo quedar. Nin tan sequera quixo levar algúns fachucos de palla para o camiño. E alá se foi o Emilio, tan só cun caxato de freixo e a súa navalla no peto para defenderse.

Poas primeiras horas todo foi ben. Non viu mostras de lobo por ningures. Pero pasado un tempo oíu un longo ouveo; e outro respondéndolle da outra banda de valgada. Tamén sentiu unhas carreiriñas polos dous lados do camiño. Os lobos seguían chamándose uns aos outros. Por sorte para el, había moitos seixos no camiño. Encheu todos os petos de croios. Non me dixo que empezaba a ter medo, mais eu coído que si...

Dous lobos grandísimos fórono acompañando. Case que parecían dous cans que foran co seu amo. Algunhas veces púñanselle diante, entón o capador guindáballes un croio. Nunha parte estreita do camiño tivo que atravesar unha pequena ponte. Esgotara as pedras e xa lle quedaban poucos fósforos. Acendeu un. Non había pedras no camiño. Tivo que coller lama coas mans e tirárllela aos lobos, ao mesmo tempo que daba fortes berros. Aos lobos relucían-lles os ollos. Quizais foran seis. Un deles botoulle os dentes ao caxato, arrincoullo da man. Íanse metendo nel cada vez máis. Ata lle fustrigaban as pernas cos rabos.

Acendeu, un tras outro, os tres fósforos que lle quedaban. Grazas a isto puido coller un croio. Atinou a un lobo no peito. Regañaban os dentes coma cando se van botar sobre das ovellas. Xa sentía que lle esmorecían os pulos, que ía quedando sen forza. Os lobos seguían a chamarse uns aos outros. Tremía coma un vimbio. Xa non os podía escorrentar, nin sequera berrir. Íalle estoupar o corazón. Unhas cantas zancadas máis e xa estaría na casa. Podería dalas? De súpeto, viu brillar unhas luces nas tebras: ladraban uns cans ao lonxe. Meteu os dedos na boca e asubiu. Chamábano de lonxe. Estourou un tiro de escopeta.

—Anda, Rabelo; anda, Sultán —oíu que dicían.

Diante había tres fachucos de palla ardendo. Os seus tres cuñados dábanlle fortes apertas.

—Andábamoste buscando —dixo un.

Chegaron o Sultán e o Rabelo brincando ao seu redor e dando ouveos de ledicia. Entraron na casa. As mulleres estaban na cociña. Na gran lareira había un bo lume.

—Traédeme auga —dixo o capador, e caeu estalicado no chan.

Todos se alporizaron. Houbo moitos berros e prantos. Máis de dúas horas estivo sen sentido. Levárono ao leito. A forza de fregas, acordou.

—Se non sairades a buscarme, tan só me atoparían os ósos. Xa non podía resistir máis —dixo o bo do home.

Para que vexades como traballan os lobos á xente.

Ánxel Fole, en *Á lus do candil*, ed. Galaxia (adaptación)

Nota: Santa Lucía celébrase o 13 de decembro.

Comprensión

1. Por que o Rulo lle aconselleu a Emilio que pasara a noite na súa casa?
2. Que facía Emilio cando viñan os lobos?
3. O texto que acabas de ler é un relato...
 - ...realista?
 - ...de ciencia-ficción?
 - ...fantástico?
 - ...de medo?

Léxico

4. Emparella cada palabra co seu significado:

basto	escuridade total
esfragarse	numeroso, abundante
valgada	pedra pequena, croio
seixo	caer dun lugar elevado
tebras	val pequeno
5. Busca no dicionario o significado dos verbos estalicar e alporizar e anótao no caderno.
6. Subliña os verbos que son sinónimos dos anteriores:
excitar – escorrentar – estalar – alterar – alborotarse – aloumiñar – estarricar – esvarar

Espazo e tempo

7. Contesta:
 - a) En que época do ano se desenvolve o relato?
 - b) En que parte do día?
 - c) Como afecta isto ao desenvolvemento dos feitos?
 - d) Sinala os lugares que se citan no texto.

Personaxes

8. Quen é o protagonista da historia?
 - Que outros personaxes aparecen?
9. Que adxectivos cres que definen mellor os cuñados do Emilio?
Solidarios, robustos, intuitivos, medoñentos, cariñosos, desinteresados.

Estrutura

10. Completa seguindo a orde dos acontecementos:
 - Emilio come na casa do Rulo.
 2. ...
 3. Emilio volve andando á casa.
 4. ...
 5. Emilio acende fósforos.
 6. ...
 7. Chaman a Emilio de lonxe.
 8. ...
 9. Emilio desmáíase no chan.
 10. ...

Opinión persoal

11. Explica en que aspectos variaría a historia se transcorrese nos nosos días.

Nome e apelidos:

Curso:

Data:

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Que por que me despediron? Xa o contei ben veces, pero non me ha facer mal contalo unha vez máis, que así polo menos desafogo. Ademais non me despediron a min só, que Elías tamén tivo que deixar a empresa o mesmo día.

A causa do despedido é desoladora: despedíronme por exceso de sensibilidade artística.

Que por iso non despiden a ninguén? Ai non! Poñen outras desculpas, pero a realidade é esa. Xa verá cando lle conte o meu caso. Elías e mais eu traballabamos en «O Neon Luminoso», unha empresa que se dedica á fabricación e instalación de rótulos luminosos para os comercios. Élle unha empresa pequena, que só eramos sete empregados, ademais do xefe.

Eu era o encargado do taller, e Elías o que se responsabilizaba da colocación dos rótulos na fachada dos comercios.

Onde empezaron as dificultades? Pois un día chegounos a encarga dun rótulo grande para un bar novo que ían abrir en Roupar de Abaixo. O dono quería que no rótulo puxese:

«Cafetería Kentucky»

en letras vermellas sobre un fondo con barras e estrelas da bandeira norteamericana. Como se estivesemos no salvaxe Oeste!

A min aquilo pareceume un atentado ecolóxico e decidín que non o podía deixar pasar.

Entón falei con Elías, e entre os dous arranxamos a cousa. Fixemos un rótulo anunciador que daba gloria velo. No rótulo vese agora o nome da cafetería

«A Frecha Verde»

en letras rosas sobre un fondo verde, no que aparece un bosque de bidueiros.

Dos mellores traballos que fixen, dígollo eu.

Que se protestou o do bar? Para iso estaba o Elías, que é capaz de lle vender a vostede un paraugas con furados. E vaia historia que lle inventou! Díxolle ao fulano que o de Kentucky estaba xa moi visto e que, en cambio, «A Frecha Verde» era unha novidade absoluta, que iso da frecha era un costume que tiñan as tribos indias.

O caso é que o home non só aceptou, senón que se entusiasmou coa idea e mesmo nos conseguiu outros clientes.

O Elías e mais eu, animados polo éxito, introducimos cambios que melloraban ben algunhas das encargas que tiñamos. Pero a cousa non podía durar moito e partiu precisamente coa encarga do rótulo para aquel ximnasio de Pontedeume.

Que lle conte o do ximnasio? Pois verá. Xa sabe vostede que agora están agromando os ximnasios coma se fosen fungos. Así que veu o tipo aquel de Pontedeume, falou co xefe e este pasoume a encarga: un rótulo con dúas palabras ben grandes, en vermello:

MUSCLE MAN

E a carón delas a figura dun deses que erguen pesas, cos músculos todos ben quitados para fóra. «Muscle Man»! En Pontedeume! Vostede cre que iso ten xeito? Así que chamei a Elías e elaboramos unha alternativa mellor.

Cambiamos aquela americanada por outra máis axeitada: «A FORZA DA RAZÓN». Repare en que as dúas veñen dicindo o mesmo, pero a nosa entendíaa todo o mundo.

Que de que me río? Pois do único gracioso do asunto, do pobre Elías. Porque alá foi o home co rótulo que fixemos no taller, a instalalo na fachada do ximnasio.

Chegou alí e, en canto o do ximnasio viu o rótulo e o Elías empezou a explicarlle as vantaxes do cambio, colleuno polos colares, ergueuno como metro e medio do chan (o Elías élle máis ben pequeno e o do ximnasio tiña un corpo que metía respecto) e deulle tal meneo que o Elías pensaba que ía ter que acabar comendo o rótulo.

Chegaronlle as protestas ao xefe e este chamounos ao despacho. Nin nos deixou falar, que non se lle ía da boca iso de que o cliente sempre ten a razón.

Nome e apelidos:

«Aínda que sexa parvo?», pregunteille eu. «Aínda que o sexa, que quen paga, manda», contestoume.

E aquela mesma mañá deixamos o noso emprego en «O Neon Luminoso».

Agustín Fernández Paz: *Contos por palabras*, Edicións Xerais (adapt.)

Comprensión

1. Di se é verdadeiro ou falso. Demóstrao cunha oración do texto:
 - a) Despediron ao narrador e a Elías.
 - b) Botáronos por folgazáns.
 - c) Traballaban nunha multinacional.
 - d) O do bar quedou contento co rótulo.
 - e) O do ximnasio quedou contento co rótulo.
 - f) O ximnasio estaba en Pontevedra.
2. Explica por que di o narrador: «A min aquilo pareceume un atentado ecolóxico».

Léxico

3. Explica que significa o subliñado nestas oracións:
 - ...despedíronme por exceso de sensibilidade artística.
 - ...agora están agromando os ximnacios como se fosen fungos.

Personaxes

4. Escribe todos os datos que coñezas:
 - a) do narrador.
 - b) de Elías.

Estrutura

5. Divide o texto en catro partes e asígnalles cada un destes títulos:
 - Despedíronnos!
 - O caso do bar
 - O caso do ximnasio
 - O cabreo do xefe

Opinión persoal

6. Moitas persoas, sobre todo as máis novas, non atopan traballo. Outras téñeno, pero non é fixo, traballan moitas horas e cobran pouco... Que opinas sobre estas dúas situacións? Intenta dar solucións.

Nome e apelidos:

Curso:

Data:

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Esta tarde, na escola, non estabamos para bromas, porque o director veu á clase para darnos as notas. E non semellaba nada contento.

—Estou no ensino desde hai unha chea de anos —dixo—, e nunca vin un grupo tan malo. Vou empezar a repartir as notas.

E Clotario botouse a chorar. Clotario é o último da clase e todos os meses, no seu boletín, a mestra escribe montóns de cousas, e o pai e a nai déixano sen sobremesa e sen televisión.

No meu boletín anotara: «Alumno argalleiro, distráese a miúdo. Podería facelo mellor». No de Eudes dicía: «Alumno indisciplinado. Agárrase cos seus compañeiros. Podería facelo mellor». Rufo tiña: «Segue a xogar na clase cun chifre, confiscado unha chea de veces. Podería facelo mellor».

O único que non podería facelo mellor era Agnan. Agnan é o primeiro da clase, e o chichí da mestra. O director leunos o boletín de Agnan: «Alumno aplicado, intelixente. Triunfará». Díxonos que deberíamos seguir o exemplo de Agnan, que eramos uns lacazáns... Logo, marchou.

Nós estabamos ben amolados, porque as notas teñen que asinalas os pais e iso non sempre resulta divertido. Entón, cando o timbre tocou, ao remate da clase, en vez de correr todos para a porta, de amorearnos e de empuxarnos, como adoitamos facer, saímos paseniño, sen dicir nada.

Na rúa camiñabamos devagar, arrastrando os pés. O que parecía menos amolado era Eudes.

—Eu —presumiu— non teño medo. Meu pai non me di nada. Mírolle directamente para os ollos e vai el e asina o boletín. E ale!

Ten chorra, Eudes. Cando chegamos á esquina, quedamos sós el e mais eu.

—Se tes medo de ir para a túa casa, é fácil —díxome—. Vés para a miña e quedas a durmir comigo.

É un bo compañeiro, Eudes. Marchamos xuntos. Pero canto máis nos achegabamos á casa, menos falaba Eudes. Cando nos atopamos diante da súa porta non daba nin chío. Entón pregunteille:

—Que, entramos?

Eudes rañou a cabeza.

—Espérame un instantiño. Volverei a buscarte.

E Eudes entrou. Deixara a porta entreaberta. Oín unha labazada, logo unha voz forte que dicía «Para a cama sen sobremesa, lacazán», e a Eudes que choraba.

Paréceme que Eudes non debeu mirarlle ben para os ollos ao pai.

O que era amolado era que, agora, eu tiña que ir para a miña casa.

Xa sabía o que me diría papá. Diríame que el sempre fora o primeiro da súa clase e que o seu pai estaba moi orgulloso, diríame que eu non chegaría nunca a nada, que el se mataba a traballar para darme unha boa educación...

Pensando en todo iso púxoseme un nó na gorxa e pensei que quizais era mellor marchar, pero empezaba a anoitecer e a mamá non lle gusta que eu estea fóra cando é tarde. Entón entrei.

No salón, papá falaba con mamá e non parecía contento.

—É increíble ver o que se gasta nesta casa! —berraba papá—. Nin que fose multimillonario! Mira estas facturas! Esta factura do carnicero!

Mamá tampouco estaba contenta e dicíalle a papá que el non tiña nin idea do cara que estaba a vida e que un día debería ir facer a compra con ela e que non estaba ben discutir esas cousas diante do neno. Entón eu deille as notas a papá.

Papá abriu o boletín, asinou e devolveu-me dicindo:

—O neno non ten nada que ver nisto.

Nome e apelidos:

—Vai xogar ao teu cuarto, Nicolás! —díxome mamá.

—Iso é, iso é —engadiu papá.

Subín ao meu cuarto, deiteime na cama e boteime a chorar. Claro, se meu pai e miña nai me quixesen faríanme algo de caso!

Sempé/Gosciny: *O Nicolasiño*, ed. Alfaguara-Obradoiro (adapt.)

Comprensión

1. En tres boletíns de notas repítese unha oración; cal? De que rapaces son?
2. Nicolás está preocupado polas notas, pero seus pais non lle berran. Entón, por que se bota a chorar?
3. Velaquí o resumo das 20 primeiras liñas da lectura. Faino ti do resto:
O director foi á clase para repartir as notas; pero estaba descontento porque, salvo as dun alumno, eran moi malas. Os rapaces quedaron amolados, porque tiñan que asinalas os pais.

Léxico

4. Busca no dicionario o significado das seguintes palabras: *sobremesa*, *argalleiro*, *chifre*.
5. Substitúe cada palabra subliñada por un sinónimo:
 - Agárrase cos seus compañeiros.
 - É o chichí da mestra.
 - Na rúa camiñabamos devagar.
 - En vez de correr para a porta como adoitamos facer, saímos paseniño.

Espazo e tempo

6. Canto dura, máis ou menos, o desenvolvemento desta historia?
7. Cita, por orde, os lugares onde sucede a historia.

Personaxes

8. Son verdadeiras ou falsas estas afirmacións? Copia en cada caso unha oración que o confirme:
 - a) Rufo é o chichí da mestra.
 - b) Agnan pelexa cos compañeiros.
 - c) Nicolás é o protagonista da historia.
 - d) A Eudes berranlle polas notas.
9. Quen narra esta historia? Cóntaa en 1ª ou en 3ª persoa?
 - Cambia, nas dúas primeiras liñas, a persoa do narrador.

Opinión persoal

10. Explica como reaccionarías ti se foses o pai ou a nai dun deses alumnos.

Le con atención o texto e responde as preguntas.

A doniña cerva

Hai moitos, moitos anos, vivía nun castelo das terras de Cervantes un señor chamado Froyaz que tiña dous fillos: Egas, o máis vello, e a súa irmá Aldara.

Os dous irmáns queríanse moito e a miúdo ían pasear a cabalo polo bosque. Era Aldara unha fermosa doncela, e namorouse dela Aras, o fillo doutro señor dun castelo veciño; parecéndolle ben aos seus pais, anunciouse o casamento.

Pero un día, á hora da cea, Aldara non apareceu. O pai e o irmán preguntaron por ela, mais ninguén a vira. Rexistraron o castelo de arriba abaixo, pero non deron coa rapaza. Ao cabo, un besteiro que estivera de garda na porta do castelo contou que a vira saír á tardiña e que lle pareceu que se encamiñaba cara ao regato que corría ao pé do castelo.

Pai e irmán, criados e escudeiros, mesmo o seu namorado acompañado das súas xentes, foron na súa busca por montes e bosques, por pallozas e rueiros... Pero todo foi en van: Aldara non apareceu.

Pasaron os días, e todos imaxinaron que a fermosa doncela pegara no bosque, comesta polos lobos ou por algún porco bravo. O tempo seguiu o seu curso, e o pobo comezou a esquecer a rapaza.

Certa mañá, saíu Egas de cacería polas súas terras e, xa de volta ao castelo, albiscou unha fermosísima cerva branca que brincaba ledamente no camiño. Sacou o mozo a súa béstia e, dun certo disparo, atravesou o corazón da cerva, que caeu morta sobre a herba. Decatouse entón de que era imposible para el só cargar con ela ata o castelo, así que decidiu cortarlle unha das patas dianteiras para mostrarlle ao pai a proba da súa fazaña. Antes de partir, fixouse ben no lugar onde se atopaba, coa idea de volver cos criados para transportar a cerva.

En canto chegou ao castelo, contoulle Egas ao rei o sucedido, mais, cando sacou do fardelo a pata da cerva, pai e fillo quedaron estarecidos: no canto da pata da cerva, Egas sacara unha man fina e branca de doncela. Nun dos dedos, brillaba un anel de ouro cunha pedra vermella. Era o anel de Aldara!

Colleron entón os cabalos e galoparon coma o vento ata o lugar onde Egas disparara á cerva. E alí estaba, no mesmo lugar, o corpo fermoso da doncela, co seu vestido branco ensanguentado e unha frecha cravada no corazón. Nun dos brazos, faltáballe unha man.

Segundo di a lenda, algún mouro debeu encantala en figura de cerva, e a morte encargouse de volvela ao seu estado natural de doncela. Mais endexamais puido saberse a razón.

Nota: O concello de Cervantes pertence á comarca dos Ancares, na provincia de Lugo. Alí concéntranse a maioría das lendas dos Ancares. A orixe do topónimo podería estar relacionada co posible culto ao cervo, imaxe que, ademais, está incluída no seu escudo.

A doniña cerva é unha lenda de tradición oral recollida polo escritor Leandro Carré a partir dun relato escoitado nos Ancares. Nel, como en moitas outras lendas, cóntase a transformación dunha rapaza nunha cerva.

Comprensión

1. Quen informou o rei sobre a marcha de Aldara? Que camiño seguira a rapaza?
2. Quen foi en busca de Aldara?
3. Tras varios días de busca, a moza non apareceu. Que pensaron que lle sucedera?
4. A rapaza fora encantada. Como se rompeu o encantamento?
5. Ao final, todos supoñen que o culpable do encantamento fora un mouro. Quen eran os mouros na cultura popular?

Léxico

6. Une cada palabra co seu significado:
estarecidos, fardelo, perecer, tardiña, rueiro
 - a) Grupo de casas illadas dentro dunha aldea; lugar.
 - b) Horrorizados, paralizados polo terror.
 - c) Morrer.
 - d) Saca pequena de tea ou coiro para levar a comida ou as presas cazadas.
 - e) Espazo do día entre a media tarde e o escurecer.
7. Emparella agora estas dúas palabras co seu significado e di cal aparece no texto: besta bésta
 - a) Arma portátil antiga para lanzar frechas.
 - b) Animal doméstico de carga, como a egua.
 - Daquela, quen sería o besteiro que indicou por onde marchara Aldara?
8. Explica coas túas palabras que significa: «Todo foi en van».

Espazo e tempo

9. En que lugar tiveron lugar os feitos?
10. Coñécese a data na que sucederon os feitos?
 - Que precisións temporais se dan no texto?

Estrutura

11. Ordena os acontecementos do relato:
Ergas, o irmán de Aldara, mata unha cerva branca.
Aldara desaparece do castelo.
Ergas e seu pai descubren o sucedido.
Buscan a rapaza e dana por morta.
Presentación dos personaxes e do espazo.
Explícase o que lle dá sentido ao fenómeno sobrenatural.

Personaxes

12. Cita todos os personaxes que aparecen no texto.
13. Establece a relación que tiña cada personaxe con Aldara:
Egas, Aras, Froyaz, mouro.

Escribe

14. No título do texto, Aldara aparece designada como «doniña», é dicir, co diminutivo de dona». Xustifica ese tratamento.

Nome e apelidos:

Curso:

Data:

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Bala perdida

O asaltante que parecía dirixir o grupo mirou como un gato montés para os dous xemelgos, sen prestarme a min a máis mínima atención.

—Eu son Ganso Salvaxe —dixen dando un paso adiante. Observoume de arriba abaixo sen asombro.

—Si, eu son Ganso Salvaxe. É o meu pseudónimo¹.

—O teu «súdo» que? —preguntou desconcertado.

—O meu pseudónimo. Quero dicir que me chamo Rosa, pero tamén me chamo «Ganso Salvaxe» cando me apetece.

O tipo remoeu na boca como se fixese un bolo de saliva cos pensamentos e logo cuspiu no chan. De repente sacou un sorriso de ironía.

—Pois eu chámome Etelvino Marcote e teño por «sudónimo» Tiradentes. Ha, ha, ha!

Todos os seus colegas, agás un máis mozo, imitaron aquela horrible gargallada desdentada.

—Ben, excelentísimo señor Tiradentes —dixen facendo provisión de valor—, o meu pai sempre dicía que os homes que rin e ornean² a un tempo son como compases avariados. Nunca sabes a onde van parar. O tipo remoeu na boca a máis velocidade. Cuspiu no chan acompañado dun ruxido.

—Mira ti, querida Parruliño Bravo ou como carafio te chames, os homes coma min nacemos para dar chaparretas³ no cu ás nenas mocosas coma ti.

Os xemelgos puxéronse diante miña con intención de defenderme. Fíxose un silencio moi tenso. Foi entón cando un dos outros, o que parecía máis novo e tiña tatuado un corazón coa lenda «Amor eterno» no antebrazo, se achegou ao que facía de xefe.

—Tiradentes, recorda o que el mandou —escoitei que dicía polo baixo—. «Trátadeo coma a un rei». Iso foi o que dixo.

—Ela é unha muller —rosinou o peludo con mirada felina.

—Pois teremos que tratala coma a unha raíña —dixo o do corazón tatuado.

E entón o chamado Tiradentes asentiu coa cabeza mansa e miroume dunha maneira moi distinta, cunha forzada amabilidade.

—Mil desculpas á señorita Rosa Ganso Salvaxe. E agora, se non ten moito inconveniente, deberá acompañarnos. Temos unha orde.

—E quen dá esa orde?

—Mándaa o capitán Bala Perdida —dixo Tiradentes co peito enchido de orgullo.

Deume un brinco o corazón. O primeiro que oíra contar de Bala Perdida era que tiña unha pata de pau porque el mesmo comera a súa perna.

A esa hora da noite, a zona portuaria estaba concorrida coma unha feira. Chegaban os pesqueiros do día coa súa carga de peixe fresco. Homes e mulleres afanábanse en carrexar xeo e arrastrar as caixas de madeira, onde os peixes semellaban finos e delicados lingotes de prata dun tesouro arrincado ao mar.

Engaiolada⁴ por todo aquel escenario de cores vivas e arrecendo salgado, camiñaba eu co mozo pirata do corazón tatuado. Contoume que se chamaba Rai e que antes fora trompetista nunha orquestra.

—Por que deixaches a música? —pregunteille—. É o oficio máis bonito do mundo.

—Si que é —dixo con saudade⁵—. Pero, sabes?, deixeiña por isto.

E sinalou o corazón tatuado a carón das verbas «Amor eterno».

—Deixeiña por amor —dixo cun sorriso triste—. Namoreime da cantante da orquestra e ela namorouse de min. Pero era a noiva do dono do club onde actuabamos.

Nome e apelidos:

Unha noite, os seus matóns déronme unha malleira tremenda, e el díxome: «Se desexas que ela viva, dílle que non a queres». E foi o que fixen. Tirei a trompeta ao mar. Non podía tocala sen deixar de ver o seu fermoso rostro. Era como escoitar o pranto⁶ dunha serea.

Manuel Rivas: *Bala Perdida*, ed. Alfaguara Obradoiro (adapt.)

¹ *pseudónimo*: Nome que utiliza unha persoa en vez do propio.

² *ornear*: Emitir a súa voz o burro.

³ *chaparreta*: Azouta.

⁴ *engaiolar*: Encantar, conquistar.

⁵ *saudade*: Pena de verse lonxe de algo ou de alguén.

⁶ *pranto*: Choro.

Comprensión

1. Quen é Ganso Salvaxe? E Tiradentes?
2. Cres que Tiradentes se comporta educadamente? Sinala un fragmento que o xustifique.
3. Por que Tiradentes lle ofrece desculpas a Rosa?
4. Explica por que Rai deixou a música.
5. Nun texto, o título reflicte a idea principal. Busca outros dous títulos adecuados.
6. Rosa compara a Tiradentes cun compás avariado. Por que?
7. Emparella cada expresión co seu significado:

Expresións	Significado
Dar un brinco o corazón.	Recibir unha forte impresión.
Partirse o corazón.	Non ser sincero.
Non falar co corazón.	Presentir algo.
Dicilo de corazón.	Sentir moita pena.

8. Busca na lectura as palabras correspondentes: a) Burla disimulada. b) Propia dos gatos. c) Risa ruidosa. d) Cheiro agradable. e) Dicir burradas en alto. f) Tunda moi forte.

Espazo e tempo

9. Os feitos suceden no *Celtic News* e na zona portuaria. Onde ocorre cada un destes?
 - a) Os xemelgos defenderon a xornalista.
 - b) Rai conta por que abandonou a música.
 - c) Tiradentes cuspiu no chan.
 - d) Chegaban os pesqueiros coa carga.
 - e) Tiradentes dílle a Rosa que os acompañe.
10. Ordena as accións anteriores segundo aparecen no relato.

Personaxes

11. Di os nomes dos personaxes que interveñen.
 - Cal che parece o máis importante?
 - Outros personaxes cítanse, pero non aparecen; cales?

Opinión persoal

12. O dono do club cría que a súa noiva lle pertencía. Como convencerías os que pensan así de que están equivocados?

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Anacos dun diario secreto

Domingo, 4 de xaneiro

Meu pai colleu a gripe. Miña nai saíu no medio da choiva para traerlle unha menciña con vitamina C.

O can fuxiu porque a miña nai non pechou a porta.

Luns, 5 de xaneiro

Aínda non volveu o can. Estase na gloria sen el. Miña nai chamou a policía e deulles unha descrición. Seguro que parece aínda máis arrepiante do que é: pelo revoltado por enriba dos ollos e esas cousas. Penso que a policía ten cousas mellores que facer que andar na procura de cans, como coller asasinados, por exemplo. Díxenllo á miña nai, pero aínda así chamounos.

Martes, 6 de xaneiro

O can fíxoa boa! Tirou da bici o señor da luz e alborotoulle todos os papeis. Supoño que agora acabaremos todos no xulgado. Un policía dixo que deberíamos ter conta do can. O can púxose moi ledado e botouse dun chouto contra a capa do policía, coas patas cheas de lama. Miña nai trouxo un pano da cociña, pero era o que usara eu para limpar o coitelo da marmelada de amorados, así que quedou aínda peor. Depois, o policía marchou.

Mércores, 7 de xaneiro

Miguel veu coa bici nova esta mañá. Ten botella de auga, contaquilómetros, velocímetro, un asento amarelo e rodas estreitiñas de carreiras. Éche un desperdicio en Miguel. Só a utiliza para ir e volver das tendas. Se fose miña, iría por todo o país e tería unha vivencia.

O gran que me saíu na cara está para estoupar. Máis grande non pode ser!

Xoves, 8 de xaneiro

Agora colleu a gripe miña nai. Iso quere dicir que teño que coidar dos dous. Vaia sorte! Pasei todo o día de arriba para abaixo. Pola noite prepareilles unha boa cea: dous ovos escalfados con fabas. Por certo, foi boa cousa que levase posto o mandil de plástico, porque os ovos escalfados escaparon do prato e viñéronseme enriba. Estiven a piques de lles dicir algo cando vin que non comeran nada. Botellei todo ao can.

Miña avoa chega mañá, polo que tiven que fregar as tixolas queimadas e logo sacar o can a pasear. Ás once e media aínda non me deitara. Non me estraña que sexa pequeno para os meus anos.

Venres, 9 de xaneiro

Chegou miña avoa e anoxouse polo estado da casa. O único que fixo foi rebentarme o gran. E agora está aínda peor!

O can vomitou no chan da cociña. Só falta que tamén estea enfermo e que me entren a min os microbios polo gran.

Sábado, 10 de xaneiro

Miguel veu cos seus discos. Está co do punk, pero eu non lle vexo xeito ningún se non podes entender as letras. Penso que me estou a facer un intelectual. Debe ser polas preocupacións.

Domingo, 11 de xaneiro

Agora sei que son un intelectual. Coido que me farei socio da biblioteca a ver que pasa. É unha mágoa que non haxa máis intelectuais por aquí cerca.

Sue Townsend: *Diario secreto de Adrian Mole*, Edicións Xerais (adapt.)

Nome e apelidos:

Comprensión

1. Que trasnadas fixo o can do que se fala no texto?
2. Que faría Adrian se tivese a bici de Miguel?
3. Cando enferma a nai, as cousas cambian para Adrian. Explica por que.
4. Que tipo de música lle gusta a Miguel?
5. Para que cres que se fai socio da biblioteca?

Léxico

6. Relaciona cada expresión co seu significado:

Expresións	Significado
Facer festas.	Pretender, cortexar, namorar.
Non facer branca.	Celebrar algo con entusiasmo.
Facer das súas.	Gabar insistentemente.
Facer as beiras.	Facer unha trasnada.
Facer o conto.	Estar sempre folgando.

7. Enche os ocos con algunhas das expresións anteriores:
 - Creo que Adrian pensa en ... a unha rapaza da súa clase.
 - O rapaz leva todo o día a ... á súa nai para ver se lle levanta o castigo.
 - ... en toda a súa vida, non é raro que agora non teña onde meterse.

Espazo e tempo

8. Fíxate no mes e nos días en que se escribiu este anaco de diario. Dirías que o autor escribe todos os días e todo o que lle pasa?
 - Por que cres que o fai así?

Personaxes

9. Sobre que persoas escribe Adrian no seu diario?
10. Conta, nunhas poucas liñas, algúns dos gustos ou afeccións de Adrian.

Opinión persoal

11. Explica como cambia a túa vida cando enferman as persoas adultas que te rodean. Como debemos actuar nese casos?

Nome e apelidos:

Curso:

Data:

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Non te esquecerei

Cando acabei a primaria e chegou o momento de pasar a secundaria, miña nai deume a escoller entre Marlborough e Repton, dúas das máis famosas «Public school»¹ de Inglaterra. Eu elixín Repton, pois resultaba bastante máis fácil de pronunciar que Marlborough.

E en setembro de 1929, cos meus trece anos acabados de cumprir, marchei interno para aquel colexio, a máis de douscentos quilómetros da vila onde viviamos.

Alí, igual que nos demais colexios ingleses, algúns alumnos maiores desempeñaban o cargo de monitores e realizaban as funcións de vixilancia. Chamábanlles *boazers*, e tiñan un poder total e absoluto sobre os máis pequenos.

Por exemplo, podían castigarnos por calquera insignificancia: por deixar que se queimase a súa torrada á hora do té, por non limpar ben o seu cuarto, por chegarmos tarde cando pasaban lista, por falarmos durante o estudo... O repertorio de faltas era interminable.

—Catro coa bata posta ou tres sen bata? —preguntábanche.

Que querían dicir con iso? Pois que, como castigo pola falta cometida, ías levar unhas xostregadas² no cu; e que o único que podías facer era elixir entre esas dúas opcións. E claro...

—Catro coa bata —bisbabas³ tremendo.

Despois dos azoutes, desenvolvíase, invariablemente, o mesmo ritual. A vítima tiña que plantarse no medio e medio do dormitorio e baixar o pantalón do pixama para que os demais examinasen o dano causado. E, entón, os expertos, apiñados arredor del, expresaban as súas opinións nunha linguaxe altamente especializada:

—Un traballo de primeira.

—Vaia puntería ten, todas no mesmo sitio!

—Agarda, que lle quero botar outra ollada...

Por se non abundase con iso, eu tiven que pasar dous longos anos como *fag* ou asistente. Calquera *boazer* podía ordenarlle o que se lle ocorrese a calquera *fag*. Estivese onde estivese, non tiña máis que berrar: «Fa-a-ag!», e todos tiñamos que deixar inmediatamente o que estivesemos facendo e acudir lixeiros ao lugar onde soase o berro. Daquela desatábase unha carreira á desesperada por todo o colexio, xa que o derradeiro en chegar sería o designado para realizar o indigno traballo que o *boazer* lle tivese preparado.

Un día, estaba eu no vestiario limpando as botas de rugby dun deles cando oín o famoso «¡Fa-a-ag!» na outra punta do colexio. Tirei a bota que tiña nas mans e saín a fume de carozo, pero cheguei o último. Entón Wilberforce, o monitor que pegara o berro, díxome:

—Dahl, achégate.

Os outros asistentes liscaron a toda velocidade e eu acerqueime con resignación, para recibir as ordes que se lle ocorresen:

—Vai e quéntame o asento do váter. E quéroo ben quente!

Sen perda de tempo, saín a galope e corrín por riba da neve deica os retretes.

Estaban fóra do edificio, nunha caseta sen calefacción, e non tiñan portas. É dicir, que un día cru de inverno podías quedar conxelado se botabas moito tempo alí sentado. E aquel día era terriblemente cru!

Quitei o xeo do asento co pano das mans, baixei os pantalóns, sentei e estiven así, polo menos, un cuarto de hora.

—Quitácheslle o xeo? —preguntou o monitor cando cheguei.

—Quitei, Wilberforce.

—E está ben quenteño?

—Todo o que puiden, Wilberforce.

Nome e apelidos:

—Imos comprobalo axiña. Xa podes erguerte. Levanteime e subín os pantalóns. El baixou os seus e sentou.

—Moi ben. Pero que moi ben —comentou movendo a cabeza en sinal de aprobación—. Heite poñer na miña lista.

Eu non sabía que diaños quería dicir nin a que lista se refería.

—Algúns asistentes teñen o cu quente e outros frío, pero eu só emprego asistentes de cu quente para que me quezan o váter —explicou—. Non te esqueceréi.

E, en efecto, non me esqueceu: durante todo aquel inverno pasei a ser o «quenta- retretes» favorito de Wilberforce.

Roald Dahl: *Boy (Relatos de infancia)*, ed. Alfaguara (adapt.)

¹ Aínda que estas escolas se chaman «públicas», en realidade son colexios privados de elite.

² *xostregada*: Golpe dado cunha vara ou xostra.

³ *bisbar*: Murmurar, falar moi baixiño.

Comprensión

1. O narrador fala dun cambio de centro de estudos. Cal é a súa causa?
 - Cal é o centro e por que o elixiu?
2. Explica quen eran os *boazers* e cales eran os seus «poderes»
3. Quen eran os *fag*? A que estaban obrigados?
4. Que lle pide Wilberforce ao narrador?
5. «Heite poñer na miña lista». Quen di esa frase e por que a di?

Léxico

6. Co sufixo *-ada* fórmanse palabras que indican 'golpe forte'. Explica o significado destas: *costelada, fociñada, cabezada, coitelada, martelada, gadoupada, mazada, vasoirada, puñada, bastonada*.

Espazo e tempo

7. Roald Dahl dinos que a historia aconteceu en 1929. Cres que podería suceder na actualidade?

Estrutura

8. Escribe seis pasos intermedios para completar o resumo. Non empregues frases moi longas:
 1. Cando acabei a Primaria marchei interno para a «Public school» de Repton.
 - ...
9. Wilberforce quedou tan contento que pasei a ser o seu «quenta-retretes» favorito.

Opinión persoal

9. Cres que o de quentar o retrete por obrigación habería que entendelo como unha broma? Ou dirías que Wilberforce é un abusón que debe ser castigado? Explica a túa resposta.

Nome e apelidos:

Curso:

Data:

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Os grandes

Debe ser boa cousa chegar a grande. Os grandes son donos de si e do mundo. Fan e desfán, gobernan, arman o melro¹ con guerras, negocios e canta trangallada hai. Pero, como di a madiña, «non sempre é ouro o que reloce». Os grandes teñen as súas tristuras e desacougos. E ás veces aínda nos gañan en rapazadas.

Se pelexamos entre nós, métense eles. Non se decatan de que as nosas liortas son nada máis ca enredos. Rabuñamos agora e de aquí a un chisco estamos amigos outra vez. Fan de xuíces e zoscan a quen cadra e como cadra, sen preguntas. As nosas mans son pequenas e non magoan; as deles pesan, fan doer. Se dependesen de nós non irían á guerra. Na guerra mátanse uns aos outros sen saber as máis das veces polo que. Disque guindan casas, pontes e, que sei eu! Semella un xogo. Pero un xogo con sangue e morte. E despois falan de «educar os rapaces»...

Nós vimos ao mundo cunha alforxa de preguntas. As cousas étrannos polos ollos, pola boca, polas orellas, e queremos aprender o seu nome e significado. Mais non sempre o logramos. Os maiores cansan de facernos calar, ou arrédannos con algunha astucia do que teimamos saber. Calamos. Porque é perigoso non calar a tempo. E calquera día, en calquera lugar, facémolle a pregunta a calquera. O que debían dicirnos nosos pais, dínolo un alleo. Un alleo que talvez nos guíe mal. E irá levantando a nosa vida con fermento de fóra, emprestado.

Eu cavilo nisto porque me aconteceu. E acontecéelles todos os días a moitos rapaces por aí adiante. Os grandes esquecéronse de cando eles eran pequenos. Se esculcasen² os nosos ollos, desandarían o tempo. Pero dedícanse a outros problemas e non fan caso de nós.

Nunca souberon meus pais o que eu sufro ata polas cousas máis cativas. Eles lévanse ben, pero algunhas veces renegan entre si, e os seus berros abóuxanme³ en soños noites enteiras. Non saben que me doe que sexamos pobres. Non por min, que penso gañar moito cando medre, senón por eles. Quixera que tivesen de todo. A mamá séntalle mal a boroa, pero non podemos mercar pantrigo. Hai pouco vina chorando porque a rela⁴ lle picou a saia do casamento. Eu calo, engrúñome, pero esas cousas chéganme ao corazón. Algunha tarde, mentres coidaba o gando, cavilara en irme para moi lonxe; saír cos dentes pechados á procura de diñeiro. Maldicir a pobreza. Arroutadas que se me engastallaban⁵ nos miolos⁶. Talvez o que aconteceu despois, case sen pensar, fose madurecendo paseniño dentro de min, logo daquelas cavilacións.

O padriño contárame o conto dun sabio que comía herbas por non ter outra cousa, e queixábase polo mundo adiante da súa miseria. Un día virouse e viu que outro sabio apañaba as herbas que el viña guindando. A todo hai quen gañe, para ben e para mal. Se un home crebou unha perna, outro perdeu as dúas. Eu son pobre, pero Andrés do Canteiro aínda o é máis.

Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*, Edicións do Castro (adapt.)¹ armar o melro: meterse en problemas.² esculcar: Tratar de descubrir algo.³ abouzar: Aturdir.⁴ rela: insecto que rilla a madeira e a roupa.⁵ engastallarse: Enredarse unha cousa noutra.⁶ miolos: fig. Cerebro, intelixencia.

Nome e apelidos:

Comprensión

1. Por que pensa o rapaz que debe ser boa cousa chegar a grande?
2. Segundo se di no texto, que diferenzas existen entre as pelexas dos nenos e as dos grandes?

Léxico

3. Escribe estas oracións substituíndo *miolo* pola palabra que corresponda do recadro:

miga	xuízo	núcleo	cerebro
------	-------	--------	---------

- Só era unha arroutada que se me engastallaba nos miolos.
 - Temos que deixar ben claro o miolo da cuestión.
 - A bola de pan ten moito miolo.
 - As nenas desta clase teñen moito miolo.
4. Sabes que diferenza hai entre a boroa e o pantrigo? Pescúdao.

Espazo e tempo

5. A historia desenvólvese nun lugar e nun tempo imprecisos. A que cres que se debe esta ausencia? Elixo:
 - a) A que todas as persoas teñen sentimentos, calquera que sexa o lugar no que vivan.
 - b) Os sufrimentos son independentes da época do ano, do momento do día, etc.
 - c) O autor esqueceu situar a historia no tempo e no espazo.
6. Aínda que non precisa un lugar determinado, o texto proporciona datos suficientes para facernos unha idea do ambiente. Como o imaxinas ti? Será un espazo urbano ou rural? Será unha familia acomodada ou unha familia de labregos pobres? Xustifícao.

Estrutura

7. Quen conta os feitos?
8. O narrador, refírese aos seus sentimentos ou aos dos demais?

Personaxes

9. Copia algunha oración do texto que demostre que o protagonista é reflexivo e solidario.

Opinión persoal

10. A pobreza, e mesmo a miseria, son elementos que aparecen no texto como protagonistas destacados.

Explica os teus sentimentos acerca das desigualdades no mundo dos nosos días, partindo do seguinte dato: na actualidade, o 80% da riqueza mundial está en mans do 20% da poboación.

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Pinocchio

A casa de Geppetto era un cuartíño terreo que recibía a luz dun bufardo que había debaixo da escaleira. A moblaxe non podía ser máis simple: unha cadeira cativa, unha cama nada boa e unha mesa toda derramada. Na parede do fondo víase unha lareira co lume aceso; pero o lume estaba pintado e cabo do lume había, pintada tamén, unha ola que fervía alegremente e botaba unha nube de fume, que semellaba fume de verdade.

Ao mesmo entrar na casa, Geppetto pillou as ferramentas e púxose a entallar e a facer o seu monicreque.

—Como lle poñerei? —dixo para si—. Voulle chamar Pinocchio. É un nome que lle ha dar sorte. Coñecín unha familia enteira de Pinocchios: Pinocchio o pai, Pinocchio a nai e Pinocchios os nenos, e a todos lles foi moi ben. O máis rico deles andaba a pedir esmola.

Despois que deu co nome do seu monicreque púxose a traballar en firme e fíxolle deseguida os pelos, despois a testa e despois os ollos.

Cando acabou cos ollos xa podedes imaxinar como quedaría ao se decatar de que se lle movían e mais de que os tiña arregalados cara a el.

Geppetto, vendo como o miraban aqueles ollos de pau, case o levou mal, e dixo medio queixoso:

—Ollacos de pau! Que mirades para min?

Ninguén respondeu.

Entón, despois dos ollos, fíxolle o nariz; pero o nariz, mal estivo acabado, deu en crecer; e veña crecer, crecer, aos poucos volveuse un narigón que non tiña cabo.

O pobre Geppetto matábase a recortar nel; pero canto máis desbastaba e recortaba, máis longo se facía aquel nariz impertinente.

Despois do nariz fíxolle a boca.

Mal a tiña acabada cando xa se botou a rir e facerlle burla.

—Abonda de risas! —dixo Geppetto, que llo levou a mal; pero foi como se llo dixese a unha parede.

—Abonda de risas, dixeran! —berrou ameazando.

Entón a boca parou de rir, pero botoulle a lingua toda fóra.

Geppetto, para non ser molestado de máis, fixo coma quen non se decatara e seguiu a traballar. Despois da boca fíxolle o queixelo, despois o pescozo, despois os ombros, o peito, os brazos e as mans.

Mal lle acabara as mans, Geppetto sentiu que lle quitaban a perruca da cabeza. Mirou para riba, e que viu? A súa perruca marela nas mans do monicreque.

—Pinocchio! Vólve me agora mesmo a perruca!

E Pinocchio, en vez de lla dar, púxo a na súa cabeza; e quedou debaixo dela medio afogado.

Cando viu que se lle arrepoñía e se ría del, Geppetto púxose triste e amoucado como nunca antes na súa vida; e volvéndose cara a Pinocchio díxolle:

—Fillo mal ensinado! Non estás acabado de facer e xa empezas a faltarlle ao respecto a teu pai! Mal feito, neno, mal feito.

Cando Geppetto acabou de lle facer os pés, sentiu que lle ceibaban un couce na punta do nariz.

—Estame ben merecido! —dixo para si—. Debera pensalo antes! Agora xa é tarde!

Pinocchio tiña as pernas entangarañadas e non se sabía mover, pero Geppetto levábo pola man para ensinarlle a pór un pé diante do outro.

Cando desentangarañou as pernas, Pinocchio empezou a andar en por si e a correr polo cuarto; ata que, enfilando a porta da casa, brincou na rúa e botou a fuxir.

Nome e apelidos:

E o pobre Geppetto ás carreiras tras el sen o poder alcanzar porque o pillabán Pinocchio andaba a brincar coma as lebres e, segundo batía cos pés de pau no lastrado da rúa, facía unha debouca coma vinte pares de zocas de campesiños.

—Pilládemo! Pilládemo! —berraba Geppetto. Pero a xente que ía pola rúa, ao ver aquel monicreque que corría coma un can, quedaba apampada mirando para el e ría, ría, ría, tanto que non se pode un figurar.

Carlos Collodi, *As aventuras de Pinocchio*, Edicións Xerais (adapt.)

Comprensión

1. Por que Geppetto lle pon como nome ao monicreque Pinocchio? Cres que aos Pinochios que coñeceu Geppetto lles foi realmente ben?
2. Cal foi a primeira parte do corpo de Pinocchio que fixo Geppetto? Que ocorreu cando chegou ao nariz?
3. Como reacciona Geppetto ante as distintas trasnadas de Pinocchio? Cales son estas trasnadas?

Léxico

4. Explica o significado das seguintes oracións:
 - Ao mesmo entrar na casa...
 - Pero o nariz, mal estivo acabado, deu en crecer.
 - Vólve me agora mesmo a peruca!
5. Fixate no contexto no que aparecen no relato, búascaas no dicionario e anota o significado: *terreo*, *desbastar*, *arrepoñerse* e *amoucar*.
6. Tamén coa axuda do dicionario, sinala algún sinónimo de: *derramada*, *monicreque* e *queixelo*.

Espazo e tempo

7. Contesta:
 - a) Onde se desenvolve o relato?
 - b) Como era a casa de Geppetto?
 - c) Cando se desenvolve a acción? Canto dura?
 - d) Sinala os lugares que se citan no texto.

Personaxes

8. Que personaxes aparecen na historia? Que características físicas teñen?
9. Indica en que orde vai creando Geppetto as distintas partes do corpo de Pinocchio.

Estrutura

10. Intenta dividir o texto en tres grandes partes e di o que acontece en cada unha delas.
11. Ademais do propio Geppetto, a través de quen coñecemos os feitos que van acontecendo no relato?

Opinión persoal

12. Como cres que reaccionarías se vas só/soa pola rúa e ves un boneco de madeira que anda só dando chimpos?
13. Coñeces a historia de Pinocchio? Explica nunhas poucas liñas o que acontece nela.

Nome e apelidos:

Curso: Data:

Le con atención o texto e responde as preguntas.

O Rifante

O Rifante era un mariñeiro que gañaba pesos¹ a moreas, e na súa blusa gardábanse talmente como auga nunha peneira². En terra, o Rifante non tiña caletre³ ningún; en canto poñía o pé no seu barco trocábase nun sabio. Tiña moitos fillos e moitos netos, e todos a gastar porque o mar daba para todo.

O Rifante era farturento de seu. Estando a piques de morrer afogado, ofreceuse á Nosa Señora e regaloulle un manto de seis mil reais⁴, ademais da misa cantada, música, foguetes, traxes novos e comida a fartar.

O Rifante tiña fe na súa fada⁵. Unha vez enfermou, e fixo de patrón o fillo máis vello. En canto volveu do mar, o fillo achegouse ao leito do pai e, tatexando de medo, contoulle que o aparello quedara trabado nunhas pedras. O Rifante dixo simplemente: «Non teñas medo, Ramón; o mar levouno, o mar dará para outro». E despois calou e virouse cara á parede.

Que confianza tiña o Rifante no mar!

Pero tanta fortuna minguou de súpeto, e a fame foi entrando en todos os fogares.

O Rifante apareceu un día diante do meu pai, amigo seu desde nenos e ademais conselleiro.

—Sabes unha cousa? —dixo—. Hai fame, fame!, na casa do Rifante. Ti xa sabes que nunca pedín nada a ninguén, mais agora veño petar na túa porta para que me emprestes mil reais. Quero botarlle un balcón novo á miña casa, sabes?, e así a xente que vexa que ando en obra non pensará que os meus non teñen que levar á boca.

Meu pai, que percorreu moito mundo, aseguroulle que a fame se cura con pan; mais o Rifante púxose teso e volveu falar:

—A vergonza é peor que a fame.

E seguro meu pai de non convencer en terra a un home que soamente ten intelixencia no mar, abriu a gabeta⁶ e colleu mil reais; pero o Rifante atallouno:

—Non, agora non mos deas; xa virei por eles.

Na noite daquel día sentiuse unha tropa na nosa casa. Era o Rifante que viña coa muller, os fillos, os xenros, as noras e netos todos en procura dos mil reais.

O Rifante, coa gorra encasquetada ata as orellas, pediulle os cartos a meu pai e, ao recibilos das súas mans, descubriuse relixiosamente e, amosándollelos a todos, dixo con solemnidade:

—Miña muller e meus fillos: se morro xa sabedes que se lle deben cincuenta pesos a este home.

E sen dicir outra palabra, tapou a cabeza e foise diante de todos, escaleira abaixo.

A. Daniel R. Castelao: *Cousas*, ed. Galaxia (adapt.)

¹ pesos: Cinco pesetas, moeda anterior ao euro.

² peneira: Instrumento circular de madeira co fondo de arame moi fino para coar fariña ou outro corpo moído.

³ caletre: Intelixencia, xuízo.

⁴ real: Antiga moeda de 25 céntimos de peseta.

⁵ fada: sorte.

⁶ gabeta: Caixón de certos mobles.

Comprensión

1. Este relato, coma outros de Castelao, está escrito en primeira persoa. Quen imaxinas que é o narrador?
2. Cres que o Rifante utiliza do mesmo modo a súa intelixencia no mar ca na terra? Cal é a diferenza? Localiza o fragmento do texto no que se fai referencia a esta cuestión.
3. Por que pediu cartos prestados? A quen llos pediu? En que tiña pensado gastalos?
4. Por que levou con el a súa familia cando foi recoller o préstamo?

Léxico

5. Moitas expresións e frases feitas están baseadas en comparacións. Por exemplo, no texto explícase que os cartos, no peto do Rifante, *gardábanse coma a auga na peneira*. Explica o significado desa comparación.
6. Introduce estas expresións comparativas nas oracións seguintes:
coma quen oe chover
coma auga de maio
coma os ollos da cara
coma un lóstrego
 - Queríalle tanto á cadela que a trataba...
 - Cando sentiu que a nai o chamaba a berros marchou...
 - Ando mal economicamente; un premio na lotería viríame...
 - Non che importa o que che digo? Cada vez que che falo, para ti é...

Espazo e tempo

7. En que lugares se desenvolve a historia?
8. Cres que o feito narrado pode ocorrer na actualidade? Por que?

Estrutura

9. Ordena estes acontecementos segundo lle sucederon ao Rifante:
 - ☐ Dixo que o mar había dar para recuperar o que perdera o fillo.
 - ☐ Recibiu os cartos prestados.
 - ☐ Dixo que quería botalle un balcón novo á súa casa.
 - ☐ Gañaba pesos a moreas.
 - ☐ O fillo máis vello fixo de patrón e perdeu o aparello.

Personaxes

10. Cita todos os personaxes que aparecen no relato.

Opinión persoal

11. Para o Rifante, as aparencias son moi importantes.
Ata que punto cres que ten sentido esa decisión de pedir cartos para disimular que na súa casa pasaban fame?

Le con atención o texto e responde as preguntas.

A princesa e o sapo cotroso

Era unha vez un rei que tiña unha única filla. Cando a princesiña cumpriu dez anos, o pai regaloulle unha valiosísima pulseira de ouro.

Pero sucedeu que durante un dos seus paseos en bote polo lago, a xoia caeulle á auga. Daquela, o monarca, que era moi mirado para os cartos, mandou reunir alí a todos os pescadores do reino e obrigounos a buscar no fondo durante unha semana enteira. Pero, a pesar de remexer cada palmo, non a atoparon. A princesa quedou moi aflixida.

Un día estaba na praia, moi triste e coa vista perdida, cando na area apareceu un gordo sapo cotroso que lle dixo:

—Se me concedes tres desexos, sácoche a pulseira do lago.

A princesa contestoulle:

—Teño que consultalo co meu pai.

E así foi.

—Que vai desexar un vello sapo cotroso? —dixo o rei—. Despois de todo, a pulseira ben vale tres desexos.

E permitiulle á filla que lle dera a súa palabra ao sapo.

O animal púxose todo contento e, nun santiamén, saíu do lago coa pulseira. A princesa colleuna axiña e preguntoulle polos tres desexos.

—Pedireinos cando me veña ben! —respondeu o sapo.

O tempo pasou decontado. Cando a princesa xa tiña dezaoito anos, apareceu o sapo cotroso dicindo:

—Princesiña, o meu primeiro desexo é comer contigo tres semanas seguidas na mesa do rei.

—Diso nada! —contestou a princesa.

Entón dixo o vello rei:

—O prometido hai que cumprilo.

E así se fixo.

Cando pasaron tres semanas, o sapo cotroso dixo:

—Agora vou pedir o segundo desexo. Tesme que facer a cama todas as mañás, e quero durmir durante tres semanas no palacio.

O sapo tamén viu cumprido o seu segundo desexo: durmiu tres semanas seguidas no palacio, e a princesa facíalle a cama cada mañá.

Despois dun tempo, volveu aparecer o sapo dicindo:

—Princesiña, aínda me queda un desexo, e é que quero durmir tres semanas ao teu lado na túa cama.

Entón a princesiña foi correndo onda o pai:

—Pai, o terceiro desexo non podo facelo. Esa cousa fría e noxenta quere durmir tres semanas na miña cama!

Pero o rei dixo:

—Deches a túa palabra e tes que cumprila.

—Entón porei a miña saia no medio para que non se me achegue!

Cando transcorreu a última noite, xa no amencer, a princesa deu a volta para botar o sapo fóra da cama; e que foi o que viu daquela?: xa non era un sapo cotroso, senón un fermosísimo príncipe.

Este contoulle que estivera encantado en forma de sapo, pero agora ela liberáralo.

Axiña casaron e foron felices.

Comprensión

1. Cantos irmáns tiña a princesiña do conto?
2. Que lle regalou o rei cando cumpriu dez anos? E que lle pasou co regalo?
3. Quen se ofreceu a rescatar a xoia? Que pedía a cambio?
4. Cal dos tres desexos do sapo che parecería a ti máis difícil de cumprir?

Léxico

5. Escribe un sinónimo para cada un dos seguintes adxectivos do texto:
valiosísima – cotroso – aflixida – noxento – contento – última – fermoso
6. Escribe con outras palabras as expresións subliñadas:
 - O rei era moi mirado para os cartos.
 - Nun santiamén, saíu do lago coa pulseira.
 - O tempo pasou decontado.

Personaxes

7. Elixo: Os personaxes do conto...
 - a) aparecen todos case ao principio do relato.
 - b) van aparecendo pouco a pouco ao longo do texto.
8. Das seguintes características, cales pensas que corresponden ao sapo e cales á princesa?
obediencia – habilidade – inseguridade – astucia – atrevemento
9. Cita algún trazo de carácter que defina ao rei.
10. Que personaxe é protagonista do conto?

Estrutura

11. Une cada fase coa secuencia do relato que lle corresponda:

SITUACIÓN INICIAL

PROBLEMA FORTUÍTO

CHEGADA DE INCÓGNITO DO PROTAGONISTA

NEGOCIACIÓN DOS PERSONAXES

FINAL FELIZ

- a) A princesa vese obrigada a durmir co sapo.
- b) O príncipe e mais a princesa casan.
- c) Presentación dos membros da familia.
- d) Perda da pulseira.
- e) Un sapo ofrécese a axudar a princesa.

Opinión persoal

12. Coñeces outro conto no que un animal se transforme en persoa ao final?
13. Case todos os contos populares teñen un final feliz. Gústache que os contos acaben sempre ben? Preferirías que se axustasen máis á realidade e non sempre tivesen un final feliz? Por que?

Escribe

14. Imaxina o sapo comendo co rei e mais coa princesiña na mesa real e escribe unha breve escena na que haxa diálogo e descrición.
15. Cambia o final do conto de maneira que non acabe tan ben.

Le con atención o texto e responde as preguntas.

O acomodador

Na miña vila non hai máis ca un cine. Nos primeiros tempos soamente había funcións os domingos e os días santos, pero despois foinas habendo tamén os xoves e os días de feira.

Os días de cine anúncianse cun taboleiro cheo de cadros da película, colgado da parede para que a xente saiba de que trata. Despois, á tardiña, unha media hora antes da función, comeza a soar un timbre que xa non para ata que vai proxectada unha boa parte da cinta.

Entradas non había máis que de dúas clases: as butacas, abaixo, e o galiñeiro, arriba. Daquela unha butaca custaba 12 cadelas¹ e unha entrada de galiñeiro seis. O galiñeiro case sempre se enchía, pero as butacas non.

Un día estaban caendo as sete cando un dos donos do cine, que facía tamén de operador, saíu da sala da máquina e botou unha ollada ao público das butacas.

Estaban todos os de sempre, menos o Ricardiño e a moza.

—E logo que pasa co Ricardiño? Seica non vai vir hoxe?

—Ven, ven —dixo unha irmá del, que estaba alí co seu mozo—. Xa fai un bo cacho que saíu a buscar á Rosa.

—Entón imos facer un pouco de tempo ata que cheguen —acordou o dono operador, méndose outra vez na sala da máquina.

De alí a un pouco, o reloxo da igrexa deu sete badaladas. Escoitalas os que estabamos no galiñeiro e romper a patexar e a protestar foi todo un. Batendo as mans e golpeando cos pés no chan empezamos a berrar, coma sempre:

—Que-em-pe-ce! Que-em-pe-ce!

E no medio daquel barullo, oíuse a voz de Emilio o Macabeu:

—Calade, salvaxes, que mesmo sodes coma bestas!

O Macabeu era o acomodador do galiñeiro e xa coñecía os nosos costumes.

Pero nós tamén coñeciamos os del. Entón nós cambiamos de tocata, e comezamos a berrar tamén a coro:

—Ma-ca-beu! Ma-ca-beu! Ma-ca-beu!

Ao verse insultado así foise cara ao Arturo, un mozo duns dezaseis anos e, colléndoo polas solapas, botouno fóra a empuxóns. Nós protestamos:

—Non-hai-de-rei-to! Non-hai-de-rei-to!

O dono operador non tivo máis remedio que saír ao patio das butacas, a explicarlle á irmá do Ricardiño:

—Xa ves o barullo que arman. Teño que comezar. Cando veñan o Ricardiño e a Rosa contádelles o que teñades visto.

Desde aquel día o Arturo xa non puido volver ao galiñeiro. Se quería ir ao cine tiña que pagar 12 cadelas e ir a butaca. Alí estaba illado, entre xente de orde, e non podía armar barullo. Pero armabámolo nós por el.

Para vingalo discorremos toda clase de trasnadas. A peor de todas foi cando mercamos unha pelota de goma, a enchemos de auga e lle fixemos un burakiño.

Antes de entrar no cine botamos a sortes, e tocoulle facer o traballo ao Miguel, un fillo do capitán da Garda Civil.

O Miguel colleu a pelota e meteuna debaixo do gabán², arrimadiña ao corpo para que a auga estivese morna. Subimos ao galiñeiro, e o Miguel sentouse onda o corredor. E aínda non ben se apagou a luz e comezou a función, o Miguel botou un chorro de auga contra a cara do Macabeu.

—Quen é o que me está mexando na cara? —ruxiu o Macabeu.

UNIDADE 1

1. Porque andaban moitos lobos polo contorno, e ademais había moita néboa e podía-se caer por algún precipio.
2. Encheu os petos de croios e guindáballes un croio cada vez que se achegaba algún. Cando se lle acabaron os croios, acendeu fósforos e comezou a tirarlles lama coas mans e a dar fortes berros para espantalos.
3. Realista e de medo.
4. Basto: numeroso, abundante. *Esfragarse*: caer dun lugar elevado. *Valgada*: val pequeno. *Seixo*: pedra pequena, croio. *Tebras*: escuridade total.
5. *Estalicar*: estirar. *Alporizar*: enfadar moito, acalorarse co enfado.
6. *Estalicar*: estarricar. *Alporizar*: excitar, alterar, alborotarse.
7. a) En inverno, por Santa Lucía, que é o 13 de decembro.
b) De noite.
c) Se fose noutra época do ano ou a outra hora do día, os lobos non se achegarían ao Emilio. Ademais, aínda que houbera néboa podería ver. E non se asustaría tanto.
d) Rugando (de onde é Emilio). Arnada, na casa do Rulo. O bosque que ten que atravesar para chegar á súa casa. A casa do Emilio.
8. Emilio, o castrador de Rugando.
 - Aparece o Rulo, o amigo en cuxa casa ten o xantar da matanza. Os seus tres cuñados. As mulleres da casa.
9. Solidarios, intuitivos, desinteresados.
10. 1. Emilio come na casa do Rulo.
2. A comida alóngase e faise noite pecha.
3. Emilio volve andando á casa.
4. Comezan a achegarse os lobos e Emilio guindáballes croios.
5. Emilio acende fósforos.
6. Tíralles lama e berra, pero os lobos arredéano.
7. Chaman a Emilio de lonxe.
8. Os tres cuñados acoden con fachos de palla ardendo e espantan os lobos con tiros de escopeta. Meten a Emilio na casa.
9. Emilio desmáíase no chan.
10. Emilio acorda despois de dúas horas.
11. Resposta aberta.

UNIDADE 2

1. a) V: «Ademais non me despediron a min só, que Elías tamén tivo que deixar a empresa o mesmo día».
b) F: «A causa do despido é desoladora: despedíronme por exceso de sensibilidade artística».
c) F: «Élle unha empresa pequena, que só eramos sete empregados, ademais do xefe».
d) V: «O caso é que o home non só aceptou, senón que se entusiasmou coa idea e mesmo nos conseguiu outros clientes».
e) F: «...en canto o do ximnasio viu o rótulo e o Elías empezou a explicarlle as vantaxes do cambio, colleuno polos colares...».
f) F: «Así que veu o tipo aquel de Pontedeume...».
2. Resposta modelo:
Hai moitas maneiras de non respectar o noso medio, de estragalo, de atentar contra el. Esta que o autor conta é unha delas. Hai moita xente que cre que todo o que vén de fóra é mellor có de aquí, có noso. Un exemplo claro disto constitúe actualmente a invasión dos costumes estadounidense e de palabras do inglés. E logo nós non temos costumes nin lingua de noso?
3. – ...despedíronme por exceso de sensibilidade artística: Por apreciar e valorar moito as cousas feitas con arte.
– ...agora están agromando os ximnasiaos como se fosen fungos: Aparecen ximnasiaos a montes, por todas partes.
4. a) Narrador:
Traballaba nunha empresa de fabricación e instalación de rótulos luminosos para os comercios. Despedírono do traballo por non faceren os letreros como pedían os clientes.
Tiña exceso de sensibilidade artística.
Era o encargado do taller.
Algún rótulo parecíalle un atentado ecolóxico.
b) Elías:
Traballaba na mesma empresa.
Despedírono polo mesmo motivo.
Colocaba os rótulos nas fachadas dos comercios.
Era máis ben pequeno.
Convencía os clientes de calquera cousa.
5. Despedíronnos! → tres primeiros parágrafos.
O caso do bar → Desde «Onde empezaron as dificultades?» ata «O caso é que o home non só aceptou, senón que...».
O caso do ximnasio → Desde «O Elías e mais eu...» ata «...e deulle tal meneo que o Elías pen-

Nome e apelidos: _____

Todo o cine rompeu nunha gargaliada, e nós comezamos coa protesta:

—Que-ca-le! Que-ca-le! Que-ca-le!

Na escuridade, o Macabeu revolvíase contra a masa de sombras de todos os que estabamos no galiñeiro.

—Cafres! Que sodes todos uns cafres!

Aquilo era o que nós queríamos: que o Macabeu perdese os estribos.

Pero o único que conseguimos foi que cada domingo e cada xoves o Macabeu puxese na rúa a dous ou tres dos argalleiros³. E así, cando quixemos decatarnos, todos estabamos xa condenados a pagar 12 cadelas.

Marcial Suárez: *O acomodador e outras narracións*, ed. Galaxia (adapt.)

¹ *cadela*: Moeda antiga de moi pouco valor (uns 3 céntimos).

² *gabán*: Abrigo.

³ *argalleiro, -a*: Dise da persoa que tende a complicar as cousas.

Comprensión

1. Como se anunciaban os días de cine en Allariz?
2. O galiñeiro enchíase, pero as butacas non; por que?
3. Por que a película empezou antes de chegaren Ricardiño e Rosa?
4. Ao final, que foi o único que conseguiron os rapaces?
5. De acordo co contido da lectura, elixe a resposta correcta:
 - a) Describe a vila.
 - b) Conta cousas do cine.
 - c) Fala da xente.

Léxico

6. Que significa *Perder os estribos*?
 - a) Saír os pés dos estribos cando se vai dacabalo.
 - b) Enfadarse moito alguén e actuar sen control.
 - c) Oír mal por ter mal o estribo (oído medio).

Personaxes

7. Emparella cada personaxe co que fai:
Arturo – Miguel – O Macabeu – Ricardiño
 - a) Botoulle a auga ao acomodador.
 - b) Chegou tarde ao cine.
 - c) O Macabeu botouno fóra.
 - d) Era o acomodador do galiñeiro.

Espazo e tempo

8. Sobre que hora sucedía todo no cine?
9. O relato conta os feitos sucedidos no pasado. Sinala algún fragmento do texto que así o indique.
 - Cres que esta historia sería posible no presente? Por que?

Opinión persoal

10. Opina sobre o comportamento dos rapaces e mais do acomodador.
11. Explica como cres que debemos comportarnos as persoas en calquera espectáculo ou acto cultural.

Solucións

compórtase de maneira distinta (*Mil desculpas á señorita Rosa Ganso Salvaxe. E agora, se non ten moito inconveniente...*).

3. Vese obrigado a desculpase porque outro dos piratas lle recorda que Bala Perdida ordenou que a tratasen ben.
4. Roi deixou a música por amor. Namorouse da cantante da orquestra na que tocaba, pero tivo que afastarse dela porque o dono do club no que traballaban díxolle que a mataría se el non marchaba.
5. Resposta aberta.
6. Porque os homes que rin e ornean a un tempo, igual cós compases avariados, nunca sabes a onde van parar (liñas 18-19).
7. *Dar un brinco o corazón*: Recibir unha forte impresión. *Partirse o corazón*: Sentir moita pena. *Non falar co corazón*: Non ser sincero. *Dicilo o corazón*: Presentir algo.
8. a) Ironía, b) felina, c) gargallada, d) arrecendo, e) ornear, f) malleira.
9. Na redacción do *Celtic News*: a), c), e). Na zona portuaria: b), d).
10. 1. Tiradentes cuspiu no chan. 2. Os xemelgos defenderon a xornalista. 3. Tiradentes dille a Rosa que debe acompañalos. 4. Chegaban os pesqueiros coa carga. 5. Rai conta por que abandonou a música.
11. Rosa Ribeiro, Tiradentes, os xemelgos e Rai.
 - Rosa Ribeiro é o personaxe máis importante. A acción xira arredor dela.
 - Cítasen: Bala Perdida, o dono do club, a cantante...
12. Resposta aberta.

UNIDADE 6

1. Fuxiu da casa, tirou da bici o señor que cobra a luz e alborotoulle todos os papeis. Logo botouse contra a capa do policía, coas patas cheas de lama.
2. Iría por todo o país e tería unha vivencia.
3. Porque ten que ocuparse dos labores da casa.
4. Gústalle o *punk*.
5. Porque quere ser un home culto; está convencido de que é un intelectual.
6. *Facer festas*: Celebrar algo con entusiasmo. *Non facer branca*: Estar sempre folgando. *Facer das*

súas: Facer unha trasnada. *Facer as beiras*: Prender, cortexar, namorar. *Facer o conto*: Gabar insistentemente.

7. – Creo que Adrian pensa en facelle as beiras a unha rapaza da súa clase.
 - O rapaz leva todo o día a facelle o conto á súa nai para ver se lle levanta o castigo.
 - Non fixo branca en toda a súa vida, non é raro que agora non teña onde meterse.
8. Escribe case todos os días. Non conta todo o que fai no día nin todo o que lle pasa, pero si todo o que para el é importante.
9. No fragmento da lectura, Adrian escribe sobre os seus pais, sobre a súa avoa e sobre o seu amigo Miguel.
10. Resposta modelo: Non lle gustan os cans (ou, cando menos, o seu can); non parece levarse moi ben cos seus pais; non soporta a súa avoa; non parece conectar moi ben cos gustos do seu amigo Miguel; encántalle a bici nova de Miguel e gustaríalle ter unha igual para ir ver mundo; axuda na casa; pensa que é un intelectual e gústalle ler; non lle gusta o *punk* nin a música na que non se entenden as letras. Séntese illado no seu mundo, un incomprendido.
11. Resposta aberta.

UNIDADE 7

1. Rematou a Primaria e debe pasar a Secundaria, por iso ten que cambiar de centro de estudos.
 - Elixiu Repton porque era máis fácil de pronunciar que o outro centro, Marlborough.
2. Os *boazers* eran alumnos maiores que desempeñaban o cargo de monitores.
3. Os *fag* eran os alumnos asistentes dos *boazers*, obrigados a obedecer a estes en todo.
4. Que lle quente o asento do váter.
5. Wilberforce, porque quedou contento de como Dahl fixo o seu traballo.
6. Costelada → golpe levado nas costelas; fociñada → golpe levado nos fociños; cabezada → golpe levado na cabeza ou dado coa cabeza; xostregada → golpe dado cunha vara ou xostra; coitelada → golpe dado cun coitelo; martelada → golpe dado cun martelo; gadoupada → golpe dado coas gadoupas; mazada → golpe dado cunha maza ou un mazo; vasoira → golpe dado coa vasoira; puñada

Solucións

saba que ía ter que acabar comendo o rótulo».

O cabreo do xefe → Desde «Chegáronlle as protestas ao xefe...» ata o final.

6. Resposta aberta.

UNIDADE 3

1. A oración «Podería facelo mellor» aparece nos boletíns do narrador (Nicolás), de Eudes e de Rufo.

2. Porque, como estaban discutindo entre eles, o pai asinoulle as notas sen miralas sequera e non lle fixeron ningún caso.

3. Resposta modelo: Eudes presumía de non ter medo e díxolle a Nicolás que fose con el para a súa casa, pero cando chegou déronlle unha labazada e castigárono sen sobremesa.

Nicolás, con medo aos berros do pai, marchou para a casa ao anoitecer. Cando chegou seus pais estaban discutindo sobre a economía familiar, o pai asinoulle as notas sen miralas e mandárono para o cuarto. Nicolás deitouse na cama e botouse a chorar porque os pais non lle fixeran caso.

4. *Sobremesa*: doce ou froita que se come despois da comida principal. *Argalleiro*: Traste, que arma barullo. *Chifre*: Instrumento oco que emite un asubío cando se sopra nel.

5. – *Pelexa* cos seus compañeiros.

– É o *preferido* da mestra.

– Na rúa camiñabamos *lentamente/amodo*.

– En vez de correr para a porta como *acostumamos* facer, saímos *amodo/lentamente*.

6. Unha tarde, dende que o director foi á clase para repartir as notas ata que Nicolás chegou á casa.

7. A aula, a rúa, a casa de Eudes e a casa de Nicolás (o salón e o seu cuarto).

8. a) F: «Agnan é o primeiro da clase, e o chichí da mestra».

b) F: «No de Eudes dicía: ...Agárrase cos compañeiros».

c) V: «Subín ao meu cuarto, deiteime na cama...».

d) V: «Oín unha labazada, logo unha voz forte...».

9. A historia nárraa Nicolasiño. Está escrita en primeira persoa.

• Esa tarde, na escola, non estaban para bromas, porque o director fora á clase para darlles as notas. E non semellaba nada contento.

10. Resposta aberta.

UNIDADE 4

1. Un besteiro que estaba de garda na porta do castelo. Dixo que collera o camiño do río.

2. O pai e mais o irmán, os escudeiros e o seu namorado con todos os seus homes.

3. Que a comeran os lobos ou algún porco bravo.

4. O encantamento rompeuse ao morrer atravesada pola frecha disparada polo seu irmán.

5. Os mouros son seres mitolóxicos da literatura popular galega, aos que se atribúen poderes máxicos. Supoñíase que vivían ocultos en cavernas ou no interior da terra e que posuían grandes tesouros.

6. a) Rueiro; b) estarrecidos; c) perecer; d) fardelo; e) tardiña.

7. a) Bésta; b) besta.

• Garda ou soldado armado cunha bésta.

8. Non serviu para nada, non obtiveron ningún resultado.

9. Nas terras de Cervantes, na provincia de Lugo.

10. A data é imprecisa, só sabemos que foi hai moitos anos, probablemente na Idade Media, pois aínda había señores, escudeiros, etc.

• As precisións temporais marcan o discurrir dos acontecementos: *Hai moitos anos, a miúdo, pero un día, ao cabo (= ao final), Pasaron os días, O tempo seguiu o seu curso, Certa mañá, Antes de partir, En canto chegou ao castelo...*

11. Por esta orde: 5 – 2 – 4 – 1 – 3 – 6.

12. Froyaz, Egas, Aldara, besteiro, Aras, os pais de Aras, criados e escudeiros, a cerva branca, o mouro.

13. Egas: irmán.

Aras: namorado.

Froyaz: seu pai.

mouro: o encantador da rapaza.

14. Resposta aberta.

UNIDADE 5

1. *Ganso Salvaxe* é o pseudónimo de Rosa Ribeiro, a propietaria do xornal *Celtic News*. *Tiradentes* é o pirata Etelvino Marcote.

2. Ao principio non a trata correctamente (...os homes coma min nacemos para dar chaparretas no cu ás nenas mocosas coma ti). Porén, despois

UNIDADE 10

1. O narrador é o propio Castelao, que a miúdo conta historias que sucederon cando el era novo.
2. Non, é un home sabio no mar, pero non ten «caletre» na terra e todos os cartos se lle van sen sentido: *En terra, o Rifante non tiña caletre ningún; en canto poñía o pé no seu barco trocábase nun sabio.*
3. Porque a familia estaba pasando fame, pero non quería que a xente o soubese. Pedíullos ao pai de Castelao. Quería gastalos en botarlle un balcón á casa.
4. Para que todos os membros da súa familia fosen testemuñas do empréstito e así, se un día el faltaba, os demais soubesen que tiñan que devolve-lo.
5. A auga nunha peneira escorre sen que quede nada e así é como se lle ían os cartos ao Rifante.
6. Por esta orde: ...coma os ollos da cara;
...coma un lóstrego; ...como auga de maio;
...coma quen oe chover.
7. A acción desenvólvese na vila de Castelao (na realidade era de Rianxo). Concretamente, na casa do Rifante, no barco e na casa dos pais de Castelao.
8. Resposta aberta.
9. Por esta orde: 3 – 5 – 4 – 1 – 2.
10. Aparecen o Rifante e toda a súa familia e mais o pai do narrador.
11. Resposta aberta.

UNIDADE 11

1. Ningún, era filla única.
2. Regaloulle unha pulseira de ouro, pero a princesiña perdeuna no lago cando ía dando un paseo en bote.
3. Un sapo. Tres desexos.
4. Resposta aberta.
5. Resposta modelo: *carísima; roñoso, sucio; apenada; asqueroso; feliz, leda; derradeira; guapo.*
6. Resposta modelo:
– *Ao rei importábanlle moito os cartos; era moi comedido cos cartos.*
– *En seguida/Ao momento/Nun momento saíu do lago coa pulseira.*
– *O tempo pasou axiña/rapidamente.*

7. b) Van aparecendo pouco a pouco ao longo do texto. O sapo non aparece ata a metade do conto.
8. Sapo: habilidade, astucia, atrevemento. Princesa: obediencia, inseguridade.
9. Resposta modelo: autoritario, honesto, respecta a palabra dada, comedido cos cartos.
10. O protagonista do conto é o sapo.
11. SITUACIÓN INICIAL: c); PROBLEMA FORTUÍTO: d); CHEGADA DE INCÓGNITO DO PROTAGONISTA: e); NEGOCIACIÓN DOS PERSONAXES: a); FINAL FELIZ: b).
12. *O príncipe ra*, por exemplo.
13. Resposta aberta.
14. Resposta aberta.
15. Resposta aberta.

UNIDADE 12

1. Cun «taboleiro cheo de cadros da película, colgado da parede para que a xente saiba de que trata...».
2. Porque o galiñeiro custaba a metade que a entrada de butacas.
3. Porque ao daren as sete badaladas, todos os do galiñeiro comezaron a patexar e a protestar.
4. Ao final, todos tiñan que pagar as 12 cadelas de butaca, porque o Macabeu botaba fóra do galiñeiro cada domingo e cada xoves a dous ou tres rapaces.
5. Resposta b).
6. Resposta b) Enfadarse moito alguén e actuar sen control.
7. Arturo: O Macabeu botouno fóra. Miguel: Botoulle a auga ao acomodador. O Macabeu: Era o acomodador do galiñeiro. Ricardiño: Chegou tarde ao cine.
8. Pasadas as sete da tarde.
9. Por exemplo: «...entón unha butaca custaba 12 cadelas, e unha entrada de galiñeiro, seis».
• Resposta modelo: Agora non sería posible. Na actualidade, as salas de cine non teñen «galiñeiro», nin hai localidades de prezo diferente.
10. Resposta aberta.
11. Resposta aberta.

Solucións

→ golpe dado co puño; bastonada → golpe dado cun bastón.

7. Resposta aberta.

8. Resposta modelo:

2. Alí había algúns alumnos maiores que facían de vixilantes.

3. Os alumnos novatos tiñamos a obriga de obedecerlles sempre.

4. Un día, un dos veteranos, ordenoume quentarlle o asento do váter.

5. Saín correndo cara aos retretes, que estaban fóra do edificio, nunha caseta sen calefacción.

6. Era un día de inverno cru.

7. Quitei o xeo coas mans, baixei os pantalóns e sentei sobre a tapa do váter.

9. Resposta aberta.

UNIDADE 8

1. Porque «os grandes» son donos de si e do mundo e fan o que queren.

2. As pelexas dos nenos son liortas sen importancia e acaban en seguida; mentres que as pelexas dos grandes desembocan en guerras.

3. Por esta orde: *cerebro, núcleo, miga, xuízo*.

4. A *boroa* é o pan de millo. O *pantrigo* é pan de trigo branco.

5. a) e b).

6. É un ambiente rural; trátase dunha familia de labregos pobres.

7. A historia cóntaa un rapaz labrego.

8. Refírese aos seus sentimentos, aínda que reflexiona acerca do que el pensa que senten os demais, como a decepción da nai cando a rela lle picou o traxe de noiva.

9. Resposta aberta.

10. Resposta aberta.

UNIDADE 9

1. Porque di que coñeceu unha familia de Pinochios á que lle foi moi ben. Non o parece cando o máis rico andaba a pedir esmola...

2. A primeira foron os pelos. O nariz non paraba de medrar.

3. Ao principio bérralle a Pinocchio e trata de non lle facer caso. Logo entrístécese moito e laméntase de crear a Pinocchio. As trasnadas: faille burla, quítalle a perruca e pon a na súa cabeza, dálle un couce no nariz e finalmente escápalle para a rúa.

4. – Ao mesmo entrar na casa... (no momento de entrar na casa).

– Pero o nariz, mal estivo acabado, deu en crecer (o nariz, inmediatamente despois de estar acabado, comezou a medrar).

– Vólve agora mesmo a perruca! (Devólve agora mesmo a perruca!)

5. Terreo: feito de terra. Desbastar: quitar ou rebaxar as partes ásperas ou irregulares dalgunha cousa diminuíndo o seu grosor e tornándoa menos basta e máis lisa. Arrepoñerse: facer fronte en actitude de ameaza ou de defensa. Amoucar: facer, unha enfermidade, unha molestia, un suceso desgraciado etc., que [alguén] se sinta sen enerxías ou sen ánimo e adquira un aspecto triste e apagado.

6. Derramada: estragada, monicreque: marioneta, queixelo: barbeia.

7. a) Na casa de Geppetto e, cando Pinocchio escapa, na rúa.

b) Era un cuartíño pequeno con bufardo... (descrición no primeiro parágrafo).

c) A acción desenvólvese ao entrar Geppetto na casa e recoller as ferramentas. Dura ata que Pinocchio escapa á rúa e se ri ao velo (non hai referencias temporais que permitan concretar a súa duración).

d) A casa de Geppetto e a rúa.

8. Pinocchio e Gepetto (ademais da xente que se ri na rúa). De Pinocchio sabemos que é un boneco de madeira coas partes do corpo que se indican e que ten o nariz moi grande. De Gepetto só sabemos que ten perruca.

9. Por esta orde: pelos, testa, ollos, nariz, boca, ombros, peito, brazos, mans, pernas e pés.

10. A primeira parte sería a elección do nome, a segunda a construción do boneco e a terceira cando Pinocchio escapa á rúa.

11. Un narrador en terceira persoa.

12. Resposta aberta.

13. Resposta aberta.